



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Discursos Críticos e Procesos de Canonización		Código	613584123
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web	http://www.udc.es/filo/mlcd			
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos e discursos presentes na construción de comunidades culturais, así como dos medios, estratexias e procesos de construción e naturalización de ideas sobre a cultura, a arte e a propia comunidade no ámbito galego-portugués.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non haberá mudanzas.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Manteranse todas as metodoloxías, que serán adaptadas a modalidades de docencia telemática, de tipo síncrono (a través de Teams) e asíncrono (a través de Moodle). *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico para a atención individual, foro xeral en Moodle sobre a organización da materia e foro específico en Moodle sobre as actividades avaliábeis. Mecanismos de atención dispoñíbeis a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Manteranse o mesmo sistema de avaliación, de acordo coa adaptación á modalidade non presencial das metodoloxías docentes. *Observacións de avaliación: Non hai.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non haberá mudanzas. Todos os materiais bibliográficos imprescindíbeis estarán dispoñíbeis no Moodle da materia.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Integrar os estudos literarios nun contexto intercultural máis extenso e que ultrapase os límites dunha única comunidade, atendendo nomeadamente á diversidade cultural do ámbito galego-portugués.	AM1	CM4



Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM8		
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AI1		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM9		
Alargar o concepto de literatura e entendela en relación con outros campos culturais, utilizando ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudo.	AM2 AM3		CM5
Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos e ferramentas de análise.	AM5 AI3		
Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas, tecnoloxías e recursos de investigación interdisciplinares para a súa aplicación á resolución de problemas en entornos diversos no ámbito dos estudos literarios e culturais.		BP1	CM2 CM6
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais	AI2		
Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común		BP2 BP3 BP4 BP5	CM3
Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico e desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.			C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A crítica e (é) a cultura	1.1. Función e posición da crítica nos sistemas culturais 1.2. Crítica, historiografía e teoría literaria/cultural
2. Campo da crítica e procesos de canonización	2.1. Estratexias de atribución de valor e creación de sentido 2.2. Discursos críticos, cánone, conflito e identidade 2.3. Alternativas críticas
3. Procesos de canonización no intersistema cultural galego-portugués	3.1. Criterios canonizadores 3.2. Estudos de caso (Galiza, Portugal, Brasil, PALOP)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A8 A1 B5 B6 C4	4	0	4
Discusión dirixida	A2 A3 B7 B8 C5 C3	5	9	14
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	1	20	21
Lecturas	A13 A5 A9	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A2	1	2	3
Seminario	A12 C7	3	8	11
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.



Traballos tutelados	Abordaxe de materiais bibliográficos sobre os asuntos obxecto de estudo (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio do seminario).
Lecturas	Realización e abordaxe analítica dunha serie de lecturas previamente seleccionadas polo docente relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario.
Prácticas a través de TIC	Presentación e teste da aplicación de TIC ao estudo da crítica literaria e cultural.
Seminario	Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma dos resultados dos traballos tutorizados e/ou dalgunha lectura das atribuídas polo profesor no inicio das sesións. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Seminario	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización dos Traballos Tutelados, das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición das lecturas atribuídas.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A14 B4 C2 C6 C8	Serán avaliados os conteúdos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.	60
Lecturas	A13 A5 A9	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no transcurso das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.	25
Seminario	A12 C7	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos conteúdos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	15

Observacións avaliación



As instrucións para o desenvolvemento das actividades propostas e os seus criterios específicos de avaliación serán oportunamente comunicados polo profesor responsábel a través do Moodle e expostos na sala de aulas.

Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e cos procedementos fixados no cronograma que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle.

Para superar a materia será necesario obter como mínimo unha nota de 4 valores, sobre 10, no traballo tutelado.

Recibirán a cualificación de non presentado os/as estudantes que non presenten ningunha das actividades incluídas no sistema de avaliación.

Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo), o alumnado será avaliado co mesmo sistema previsto para a primeira oportunidade. Deberá realizar aquelas actividades non entregadas na primeira convocatoria, ou que non obtiveron como mínimo o 40% da nota máxima de cada actividade.

A data de entrega das actividades será anunciada polo profesor con antecedencia suficiente.

O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica deberá contactar co profesor no inicio do cuadrimestre e terá o seguinte sistema de avaliación: traballo tutelado (60%) e lecturas (40%). O traballo tutelado versará sobre os mesmos temas e terá unha estrutura análoga á prevista para a primeira convocatoria. O alumnado con dificultades para asistir ás sesións presenciais deberá comunicalo ao profesor antes do inicio das aulas.

Unha vez comprobada a súa situación, poderá optar ás mesmas condicións de avaliación que o alumnado con dispensa académica.

Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación indicado para o alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica. O alumnado deberá contactar co profesor antes do mes de novembro.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Bourdieu, Pierre (1991). ?Le champ littéraire. Avant propos?. ctes de la Recherche en sciences sociales, nº 89, pp. 3-46
- Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire. Paris: Éditions du Seuil
- Casas, Arturo (coord.) (2004). Elementos de crítica literaria. Vigo: Xerais
- Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Fowler, B. (1997). Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation. London: Sage
- Even-Zohar, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesíbel en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
- González-Millán, Xoán (1995). Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega. Anuario de Estudos Literarios Galegos 1994, 67-81.
- González-Millán, X. (2000). Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco
- Mata, Inocência (1993). Emergência e existência de uma literatura (O caso santomense). Linda-a-Velha: ALAC - África
- Samartim, Roberto L.I. (2010). O processo de construçom do sistema literário galego entre o franquismo e a transiçom (1974-1978): margens, relaçoms, estrutura e estratégias de planificaçom cultural. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Sapiro, G. (2007). ?Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?. CONTEXTES 2 (acesíbel en <http://contextes.revues.org/index165.html>)
- Sela-Sheffy, R. (2002). ?Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?. Neohelicon XXIX(2), 141-159
- Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da Península Ibérica. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC
- Thiesse, A. (1999). La Création des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle. Paris: Éditions du Seuil
- Torres Feijó, Elías J. (2004). ?Roma locuta causa finita? Sobre docência e crítica da literatura e da cultura?. Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctic



Bibliografía complementaria	<p>Cabral, Amilcar (1999). Nacionalismo e cultura. Compostela: LaioventoCunha, Carlos Manuel Ferreira da (2002). A construção do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XX. Braga: Centro de Estudos Humanísticos/ Universidade do MinhoLander, E. (comp.) (2000). La colonialidad del saber: eurocentrismo y ciencias sociales. Perspectivas Latinoamericanas. Buenos Aires: Consejo Latinoamericano de Ciencias SocialesFortin, N. (1994). Une littérature inventée. Littérature québécoise et critique universitaire (1965-75). Presses de l'Université Laval: Sainte FoyGaard, Greta; Murphy, Patrick (1998). Ecofeminist Literary Criticism: Theory, Interpretation, Pedagogy. Urbana and Chicago: University of Illinois PressGodzich, Wlad (1998). Teoría literaria y crítica de la cultura. Madrid: Cátedra-Universitat de ValènciaHooper, Kirsty (2005). ?Novas cartografías nos estudos galegos: nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais?. Anuario de Estudos Literarios Galegos: 64-73Moi, Toril (1985). Sexual/Textual Politics. Feminist Literary Theory. London and New York: RoutledgeReis, Carlos (coord.) (1991-1996). História crítica da literatura portuguesa. 9 vol, Lisboa: VerboTorres Feijó, E. J. (2004). ?Potencialidades na indústria de ideias na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?. [Actas do] VIII Congresso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Sociais* Outra bibliografía complementar poderá ser fornecida polo docente durante o cuadrimestre</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías